



CONVOCATORIA DA I EDICIÓN DOS PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN DOCENTE EN APRENDIZAXE - SERVIZO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña, a través da súa Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, publica a convocatoria da I Edición dos Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe - Servizo da Universidade da Coruña.

1. OBXECTO DO CONVOCATORIA

O principal obxecto da convocatoria é recoñecer a calidade de iniciativas de innovación docente que empreguen a metodoloxía de Aprendizaxe e Servizo dentro do marco curricular da UDC.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderá optar a este recoñecemento o persoal docente da Universidade da Coruña, que perciba as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos da UDC e cuxo/s proxecto/s de Aprendizaxe - Servizo fose/n presentado/s e aprobado/s nalguna das tres convocatorias de certificación de proxectos ApS (2015/16, 2016/17 e 2017/18), que publicou até o momento a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.

3. CONTÍA DOS PREMIOS

A dotación económica total destinada a este fin é de 3.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.00 422D 481.02. As contías quedarán repartidas da seguinte maneira:

1º premio: 1.500 €

2º premio: 900 €

3º premio: 600 €

4. COMISIÓN AVALIADORA E CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos proxectos gañadores será realizada por unha Comisión Avaliadora Externa, formada polos seguintes especialistas en Aprendizaxe-Servizo:

- Pilar Aramburuzabala Higuera, Universidade Autónoma de Madrid
- David García Romero, Universidade Autónoma de Barcelona
- Lorena Boga García, Fundación Entreculturas

Esta comisión terá acceso á documentación e ás memorias dos proxectos aprobados no seu día no marco das distintas convocatorias da UDC e o baremo establécese segundo os seguintes criterios:

- Aprendizaxe: Estreita vinculación entre as aprendizaxes adquiridas, o currículo académico e o servizo realizado.
- Necesidade social atendida: O proxecto responde a unha necesidade social auténtica debidamente xustificada.
- Participación activa do estudantado durante todo o proxecto: desde a detección de necesidades, ao deseño do proxecto, ata a súa realización e avaliación final.
- Reflexión: o proxecto contribúe a fomentar a reflexión e o pensamento crítico no alumnado.
- Colaboración entre entidades receptoras e promotores do servizo: o proxecto está deseñado tendo en conta as necesidades das entidades receptoras e desenvólvese cun enfoque comunitario e de reciprocidade.
- Envergadura do proxecto atendendo á cantidade de estudantes implicados, cantidade de persoas destinatarias e duración do proxecto.
- Impacto no contorno e sensibilización/concienciación social da comunidade acerca do tema traballado.
- Proxección: Posibilidade de consolidación e de continuidade no tempo que ten o proxecto, así como da súa proxección a outras materias e a outras entidades receptoras.
- Actos de celebración do proxecto e dos seus resultados (entrega de diplomas, festas, encontros, etc.)
- Actividades de comunicación e difusión do proxecto (presenza en redes sociais, web, publicacións, relatorios ou pósters en congresos, divulgación científica, etc.)

Cada un dos criterios anteriores poderá sumar un máximo dun 10 % sobre a valoración total.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas en optar ao premio deberán presentar o Anexo I, debidamente cuberto e dirixido á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.

A solicitude poderase presentar desde o día seguinte da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico até as 23.59 h do 27 de setembro de 2019, preferiblemente na Sede Electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register).

Tamén se poderá presentar no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Edificio da Reitoría, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña), nos rexistros auxiliares (Campus A Coruña - Zapateira, e Edificio de Usos Administrativos no Campus Ferrol - Esteiro) ou nas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento dos premios farase por transferencia bancaria na conta da nómina tras a aceptación da persoa seleccionada, coa retención do IRPF que corresponda.

No caso de que o proxecto o levasen a cabo varias persoas, o importe do premio dividirase a partes iguais e ingresárase por transferencia bancaria nas respectivas nóminas coas retencións do IRPF que correspondan.

7. OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

As persoas seleccionadas comprométense a presentar a aceptación do premio (Anexo II) na forma que se lle indique na notificación de concesión por correo electrónico. A devandita aceptación implica que a persoa gañadora se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.

Así mesmo, comprométense a asistir á cerimonia de entrega dos premios que terá lugar no marco das IV Xornadas de Innovación Docente, que se celebrarán os días 21 e 22 de novembro de 2019 na Facultade de Ciencias da Educación.

8. RESOLUCIÓN

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión elixirá as 3 mellores propostas de entre as solicitudes presentadas conforme aos criterios establecidos no Punto 4 desta convocatoria e publicará unha listaxe provisoria. No prazo de 3 días hábiles, que comeza a contar desde o día seguinte a data da publicación, as persoas interesadas poderán formular as alegacións que consideraren convenientes. Transcorrido este prazo e contestadas, de ser o caso, as alegacións presentadas, a Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente resolverá definitivamente.

Contra esta resolución definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución.

9. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que a

persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son R/ Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a resolución da Convocatoria da I Edición dos premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe - Servizo da universidade da coruña (indique aquí a finalidade concreta). Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nos citados taboleiros un ano.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria. Unha vez finalizada a relación de prestación do servizo, os datos serán bloqueados e permanecerán almacenados 6 anos, sen prexuízo da posibilidade de exercer en calquera momento o dereito de solicitar a supresión dos datos.

A persoa interesada consinte o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO I. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA Á I EDICIÓN DOS PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN DOCENTE
EN APRENDIZAXE - SERVIZO DA UDC

1. Datos persoais:

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

CENTRO DA UDC:

NOME DO PROXECTO QUE PRESENTA AO PREMIO:

CURSO/S ACADÉMICO/S EN QUE SE DESENVOLVEU:

CONVOCATORIA/S EN QUE SE CERTIFICOU O PROXECTO:

SE PARTICIPARON MÁIS DOCENTES INCLÚA OS SEUS DATOS (nome, apelidos, DNI e enderezo electrónico):

2. Datos relacionados coa difusión e proxección do proxecto:

Actos de celebración do proxecto e dos seus resultados (entrega de diplomas, festas, encontros etc.):

Actividades de comunicación e difusión do proxecto (presenza en redes sociais, web, publicacións, relatorios ou pósters en congresos, divulgación científica etc.):

A Coruña/Ferrol, de..... de 2019

Sinatura da/s persoa/s solicitante/s

ANEXO II. ACEPTACIÓN/RENUNCIA AO PREMIO A PROXECTOS DE INNOVACIÓN DOCENTE EN APRENDIZAXE - SERVIZO DA UDC

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

CENTRO DA UDC:

EXPOÑO:

- que coñezo, que cumpro e que acepto as condicións da convocatoria do Premio á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo.
- que comprométome a cumprir os termos establecidos na dita convocatoria.

COMUNICO:

- ☐ que **acepto** o Premio a Proxectos á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo
- ☐ que **renuncio** ao Premio a Proxectos á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo
- Motivo da renuncia:

A Coruña/Ferrol, de..... de 2019

Sinatura